

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 10 de outubro de 2007 pola que se aproban os estatutos do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en virtude do Decreto 37/2007, do 15 de marzo).

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 18 dispón que aprobados os estatutos, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* mediante orde da consellería competente en materia de colexios profesionais.

Dando cumprimento a esta disposición, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela acordou en Xunta Xeral Extraordinaria a aprobación dos estatutos. Posteriormente foron comunicados a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade, tal como dispón o artigo 18.1º da Lei 11/2001, do 18 de setembro.

Tendo en conta o exposto, e verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Aprobar os estatutos do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, que figuran como anexo a esta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**ESTATUTO DO COLEXIO DE AVOGADOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

TÍTULO I

CAPÍTULO I

DO COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1º.-Natureza.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela é unha corporación de dereito público, amparada pola Lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

O seu ámbito territorial abrangue a circunscrición dos partidos xudiciais de Santiago de Compostela, Padrón, Negreira, Arzúa e Ordes.

Artigo 3º.-Principios reitores.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela someterase na súa actuación e funcionamento aos principios democráticos e ao réxime de control orzamentario anual, coas competencias atribuídas nas disposicións legais e estatutarias.

Artigo 4º.-Fins.

Son fins esenciais do Colexio de Avogados, no seu ámbito territorial, a ordenación do exercicio da profesión; a súa representación exclusiva; a defensa dos dereitos e intereses profesionais dos colexiados; a formación profesional permanente dos avogados; o control deontolóxico e a aplicación do réxime disciplinario en garantía da sociedade; a defensa do Estado social e democrático de dereito proclamado na Constitución e a promoción e defensa dos dereitos humanos, a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza e colaborar coa Administración pública no exercicio das súas funcións.

Artigo 5º.-Funcións.

1. As súas funcións son as establecidas no artigo 4.1º do Estatuto xeral da avogacía española (EXA).

2. En especial, o Colexio de Avogados velará para que a ningunha persoa se lle negue a asistencia dun letrado para a defensa dos seus dereitos e intereses, xa sexa a da súa libre elección ou ben de oficio, con ou sen recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuítas, conforme os requisitos establecidos para o efecto.

3. Igualmente, o Colexio de Avogados velará polos medios legais ao seu alcance para que se removan os impedimentos de calquera clase que se opoñan á intervención en dereito dos avogados, incluídos os normativos, así como para que se recoñeza a exclusividade da súa actuación.

Artigo 6º.-Intrusión.

O Colexio de Avogados exercerá as accións que foren procedentes por presuntos delitos ou faltas por intrusión.

Artigo 7º.-Denominación e sede.

O Colexio terá a súa sede na cidade de Santiago de Compostela e baixo a denominación de Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Artigo 8º.-Réxime xurídico.

O Colexio rexeráse polas disposicións legais estatais ou autonómicas que o afecten, polo Estatuto xeral da avogacía, polo presente estatuto particular, polos seus regulamentos de réxime interior e polos acordos aprobados polos diferentes órganos corporativos no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 9º.-Tratamento.

O Colexio de Avogados terá o seu tratamento tradicional e, en todo caso, o de Ilustre, e o seu decano o de ilustrísimo señor. Tanto estes tratamentos, coma a denominación honorífica de decano, deteranse con carácter vitalicio.

Artigo 10º.-Consideracións honoríficas.

1. O decano do Colexio terá a consideración honorífica de maxistrado.

2. O decano do Colexio de Avogados levará puños na súa toga, así como as medallas e placas correspondentes aos seus cargos, en audiencia pública e actos solemnes a que asista en exercicio deles. En tales ocasións, os demais membros da Xunta de Goberno do Colexio de Avogados levarán sobre a toga os atributos propios dos seus cargos, así como puños na toga, se tradicionalmente tiveren recoñecido ese dereito.

Artigo 11º

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela colócase baixo advocación de San Raimundo de Peñafort.

CAPÍTULO II
DOS AVOGADOS

Sección primeira
Dos avogados

Artigo 12º.-Avogacía.

A avogacía é unha profesión libre e independente, que presta un servizo á sociedade e que se exerce en réxime de libre e leal competencia, por medio do consello e a defensa de dereitos e intereses públicos ou privados, mediante a aplicación da ciencia e da técnica xurídica, en prol da concordia, da efectividade dos dereitos e liberdades fundamentais e da xustiza.

Artigo 13º.-Avogado.

Son avogados os licenciados en dereito incorporados a un colexio español de avogados, en calidade de exercentes, que exerzan profesionalmente a dirección e defensa das partes en toda clase de procesos, o asesoramento e consello xurídico, así como a concordia e defensa dos intereses xurídicos alleos, públicos ou privados.

Artigo 14º.-Denominación.

1. Correspóndelles en exclusiva a denominación e función de avogado aos que o sexan de acordo coa precedente definición, e nos termos previstos polo artigo 436 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

2. Non obstante, poderán seguir utilizando a denominación de avogado, engadindo sempre a expresión «sen exercicio», os que cesen no exercicio da dita profesión despois de teren exercido cando menos vinte anos.

Artigo 15º.-Non exercentes.

Tamén poderán pertencer ao Colexio de Avogados, coa denominación de colexiados non exercentes, os que reúnan os requisitos establecidos no artigo 13.1º do estatuto xeral.

Artigo 16º.-Réxime legal do avogado.

No exercicio profesional, o avogado queda sometido á normativa legal e estatutaria, ao fiel cumprimento das normas e usos da deontoloxía profesional da avogacía e ao conseguinte réxime disciplinario colexial.

Sección segunda
Da colexiación

Artigo 17º.-Obrigatoriedade da colexiación.

Para o exercicio da avogacía no ámbito territorial deste Colexio, é obrigatoria a colexiación nel, salvante os casos determinados expresamente pola lei, polo estatuto xeral ou polo presente estatuto. Abondará a incorporación a un só Colexio, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio do Estado.

Artigo 18º.-Admisión.

Non poderá limitarse o número dos compoñentes do Colexio de Avogados, nin pecharse temporal ou definitivamente a admisión de novos colexiados.

Artigo 19º.-Xuramento ou promesa.

1. Os avogados, antes de iniciar o seu exercicio profesional por primeira vez, prestarán xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, e de fiel cumprimento das obrigas e normas deontolóxicas da profesión de avogado.

2. O xuramento ou promesa será prestado perante a Xunta de Goberno do Colexio de Avogados, na forma que a propia Xunta estableza.

3. A Xunta poderá autorizar que o xuramento ou promesa se formalice inicialmente por escrito, con compromiso da súa posterior ratificación pública. En todo caso, deberase deixar constancia no expediente persoal do colexiado da prestación do dito xuramento ou promesa.

Artigo 20º.-Requisitos de incorporación.

A incorporación a este Ilustre Colexio de Avogados exixirá os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou dalgún estado membro da Unión Europea ou do acordo sobre o Espazo Económico Europeo de 2 de maio de 1992, salvante o disposto en tratados ou convenios internacionais ou dispensa legal.

b) Ser maior de idade e non estar incurso en causa de incapacidade.

c) Posuír o título de licenciado en dereito ou os títulos estranxeiros que, conforme coas normas vixentes, sexan homologados a aqueles.

d) Aboar a cota de ingreso e as demais que teña establecidas o Colexio.

Artigo 21º.-Requisitos para incorporarse como exercente.

A incorporación como exercente exixirá, ademais, os seguintes requisitos:

a) Carecer de antecedentes penais que inhabiliten para o exercicio da avogacía.

b) Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición para o exercicio da avogacía.

c) Ter a acreditación de aptitude profesional segundo o que estableza a lei que regule o acceso ao exercicio da profesión da avogacía.

En todo caso, estarán exceptuados de tal réxime os funcionarios ao servizo das administracións públicas, no ámbito civil ou militar, que superasen os correspondentes concursos ou oposicións de ingreso, para os que acreditasen a licenciatura en dereito e tomasen posesión do seu cargo, así como os quen fosen incorporados a un colexio de avogados como exercentes con anterioridade á entrada en vigor da lei que regule o exercicio da profesión da avogacía.

d) Formalizar o ingreso na Mutualidade Xeral da Avogacía, Mutualidade de Previsión Social a prima fixa ou, de ser o caso, no réxime de Seguridade Social que corresponda de acordo coa lexislación vixente.

e) Cumprimento das obrigas tributarias inherentes ao exercicio profesional.

f) Certificación do Consello Xeral da Avogacía de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade para o exercicio da avogacía a que alude o artigo 14 do EXA.

g) Declaración xurada do solicitante na cal manifieste se exerce ou non función ou emprego na Administración pública, expresando en caso afirmativo, a súa natureza e categoría e non estar incurso en incompatibilidade.

h) Seguro de responsabilidade civil na contía mínima que determine a Xunta de Goberno e de acordo coa legalidade vixente.

Artigo 22º.-Causas de incapacidade.

Son circunstancias determinantes da incapacidade para o exercicio da avogacía as enumeradas no artigo 14 do EXA.

Artigo 23º.-Trámite de incorporación.

1. Os que pretendan a incorporación a este Ilustre Colexio deberán presentar a correspondente solicitude, xunto cos documentos xustificativos dos requisitos exixidos no artigo 21.

2. Tamén sinalarán un domicilio para efectos de notificación no ámbito territorial do colexio e designarán unha conta bancaria para o cobramento das cotas ordinarias ou extraordinarias, ou outras taxas, ou devengos acordados pola Xunta de Goberno.

Artigo 24º.-Admisión.

Correspóndelle á Xunta de Goberno resolver sobre as solicitudes de incorporación ao Colexio. Poderá suspender ou denegar o ingreso na corporación, logo das dilixencias e informes que proceda, aos que non reúnan os requisitos establecidos no artigo 13 do EXA. Neste último caso, será precisa unha resolución motivada contra a que caberán os recursos previstos neste estatuto.

Artigo 25º.-Excepcións á obrigatoriedade de incorporación.

Non se necesitará incorporación ao Colexio para a defensa de asuntos propios ou de parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou segundo de afinidade, sempre que o interesado reúna os requisitos establecidos polo artigo 13.1º, alíneas a), b) e c) do EXA, así como aqueles que poidan establecer as normas vixentes. O que se encontren neste caso, serán habilitados polo decano para a intervención que se solicite. Tal habilitación supón para quen a recibe, aínda que só en relación co asunto ou asuntos a que acada, o goce de todos os dereitos concedidos en xeral aos avogados e a asunción das correlativas obrigas.

Artigo 26º.-Ámbito de actuación.

1. O avogado poderá exercer a súa profesión ante calquera clase de tribunais, órganos administrativos, asociacións, corporacións e entidades públicas de calquera índole, sen prexuízo de podelo facer tamén ante calquera entidade ou persoa privada, cando o requiriran os seus servizos.

2. O avogado poderá exercer a representación do cliente cando non estea reservada por lei a outras profesións.

Artigo 27º.-Acreditación.

A incorporación ou comunicación de actuación profesional acredita o avogado como tal, sen que sexa necesaria ningunha designación ou nomeamento do Poder Xudicial ou da Administración pública.

Artigo 28º.-Colexición única.

1. Todo avogado incorporado a calquera colexio de avogados de España poderá prestar os seus servizos profesionais libremente no ámbito territorial deste Colexio. Igual dereito terán os avogados doutros países, conforme coa normativa vixente para o efecto.

2. Para actuar profesionalmente no ámbito territorial de calquera outro colexio, non poderá exixírselle ao avogado ningunha habilitación nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que se lles exixan habitualmente aos membros do colexio onde vaia intervir pola prestación dos servizos dos que sexan beneficiarios, e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

3. Nas actuacións profesionais que un letrado non incorporado a este colexio leve a cabo no seu ámbito territorial, estará suxeito ás súas normas de actuación, deontoloxía e réxime disciplinario deste. Este Colexio de Avogados protexerá a súa liberdade e independencia na defensa e será competente para a tramitación e resolución dos expedientes disciplinarios a que houber lugar, sen prexuízo de que a eventual sanción teña efectos en todos os colexios de España conforme co artigo 89.2º do Estatuto xeral.

Artigo 29º.-Listas de avogados.

O secretario do Colexio remitirá anualmente a lista dos avogados exercentes incorporados a el, a todos os xulgados e tribunais do seu territorio, así como aos centros penitenciarios e de detención, lista que se actualizará periodicamente coas altas e baixas. Aos avogados que figuren en tales listas non poderá exixírselles outro comprobante para o exercicio da súa profesión. A remisión da lista de avogados poderá substituírse, dándolle acceso directo a tal listaxe, mediante sistemas telemáticos ou informáticos coa salvagarda das garantías relativas á protección de datos de carácter persoal.

Artigo 30º.-Comprobación e control.

1. O secretario do Colexio ou persoa en quen delegue, poderá comprobar que os avogados que interveñan nas oficinas e actuacións xudiciais figuren incorporados como exercentes no dito Colexio ou noutro de España, ou que, pese a non estalo, fosen habilitados conforme o artigo 25.

2. Os avogados deberán consignar en todas as súas actuacións o Colexio en que estivesen incorporados, o número de colexiado e, se é o caso, a data da comunicación ou habilitación previstas no artigo 28.

Artigo 31º.-Baixas.

A condición de colexiado perderase:

a) Por falecemento.

b) Voluntariamente.

c) Por falta de pagamento das cotas ordinarias ou extraordinarias e das demais cargas colexiais a que viñer obrigado.

d) Por condena firme que leve consigo a pena principal ou accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

e) Por sanción firme de expulsión acordada tras o procedemento disciplinario correspondente.

Artigo 32º.-Resolución.

1. A perda da condición de colexiado será acordada pola Xunta de Goberno do Colexio en resolución motivada e, unha vez firme, seralle comunicada ao Consello Xeral e ao Consello da Avogacía.

2. A Xunta de Goberno acordará a pasaxe á situación de non exercente daqueles avogados en quen concorran algunha das circunstancias determinantes de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio, excepto as previstas nas alíneas d) e e) do artigo anterior, mentres aquela subsista, sen prexuízo de que, se houbese lugar, resolvan o que proceda en vía disciplinaria e con independencia da situación colexial final en que deba quedar quen resulte incapaz para exercer a avogacía.

Artigo 33º.-Rehabilitación.

No caso da alínea c) do artigo 31, os colexiados poderán rehabilitar os seus dereitos pagando o adebido, os seus intereses ao tipo legal máis dous puntos e a cantidade que corresponda como nova incorporación.

Sección terceira

Prohibicións, incompatibilidades e restricións especiais

Artigo 34º.-Prohibicións.

Os avogados teñen as seguintes prohibicións, cuxa infracción será sancionada disciplinariamente:

a) Exercer a avogacía estando incurso en causa de incompatibilidade, así como prestar a súa sinatura a quen, por calquera causa, non poida exercer como avogado.

b) Compartir locais ou servizos con profesionais incompatibles, se iso afectar a salvagarda do segredo profesional.

c) Manter vínculos asociativos de carácter profesional que impidan o correcto exercicio da avogacía, atendendo a este respecto ao previsto neste estatuto e, singularmente, no artigo 22.3º do Estatuto xeral da avogacía española.

Artigo 35º.-Incompatibilidades.

1. O exercicio da avogacía é incompatible con calquera actividade que poida supoñer menosprezo da liberdade, a independencia ou a dignidade que lle son inherentes.

2. O avogado que leve a cabo ao mesmo tempo calquera outra actividade, deberá absterse de realizar aquela que resulte incompatible co correcto exercicio da avogacía, por supoñer un conflito de intereses que impida respectar os principios contidos neste estatuto.

3. En especial, o exercicio da avogacía será absolutamente incompatible con:

a) O desempeño, en calquera concepto, de cargos, funcións ou empregos públicos no Estado e en calquera das administracións públicas, sexan estatais, autonómicas, locais ou institucionais, con normativa propia reguladora que así o especifique.

b) O exercicio da profesión de procurador, graduado social, axente de negocios, xestor administrativo e calquera outra con normativa propia reguladora que así o especifique.

c) O mantemento de vínculos profesionais con cargos ou actividades incompatibles coa avogacía que impidan o correcto exercicio dela.

4. En todo caso, o avogado non poderá realizar actividade de auditoría de contas ou outras que sexan incompatibles co correcto exercicio da avogacía simultaneamente para o mesmo cliente, ou para quen o fose nos tres anos precedentes.

5. Non se entenderá incompatible esta prestación, de ser realizada por persoas xurídicas distintas e con consellos de administración diferentes.

Artigo 36º.-Obrigatoriedade de comunicar causas de incompatibilidade.

1. O avogado a quen lle afecte algunha das causas de incompatibilidade establecidas no artigo anterior, deberá comunicalo sen escusa á Xunta de Goberno do Colexio e cesar inmediatamente na situación de incompatibilidade, entendéndose que renuncia ao exercicio profesional se non o manifesta por escrito no prazo de trinta días, co que automaticamente, será dado de baixa neste.

2. A infracción do dito deber de cesar na situación de incompatibilidade, así como o seu exercicio con infracción das incompatibilidades establecidas no artigo anterior, directamente ou por persoa interposta, constituirá infracción moi grave, sen prexuízo das demais responsabilidades que correspondan.

Artigo 37º.-Outras incompatibilidades.

1. O exercicio da avogacía é tamén incompatible coa intervención ante aqueles organismos xurisdiccionais en que figuren como funcionarios ou contratados o cónxuxe, o convivente permanente con análoga relación de afectividade, ou os parentes do avogado, dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

2. O avogado a quen afecte tal incompatibilidade deberá absterse da defensa que en tales asuntos lle puidese ter sido encomendada. A dita obriga de abstenición enténdese sen prexuízo do dereito de recusación que poida asistir ao litigante contrario.

Sección cuarta Publicidade

Artigo 38º.-Publicidade.

O avogado poderá realizar publicidade dos seus servizos, que sexa digna, leal e veraz, con absoluto res-

pecto á dignidade das persoas, á lexislación sobre publicidade, sobre defensa da competencia e competencia desleal e axustándose, en calquera caso, ás normas deontolóxicas.

Artigo 39º.-Publicidade non permitida.

1. Considerarase contraria ás normas deontolóxicas da avogacía, a publicidade que supoña:

a) Revelar directa ou indirectamente feitos, datos ou situacións amparadas polo segredo profesional.

b) Incitar xenérica ou concretamente ao preito ou conflito.

c) Ofrecer os seus servizos, por si ou mediante terceiros, a vítimas de accidentes ou desgrazas, aos seus herdeiros ou aos seus habentes causa, no momento en que carecen de plena e serena liberdade para a elección de avogado por encontrarse sufrindo a dita recente desgraza persoal ou colectiva.

d) Prometer a obtención de resultados que non dependan exclusivamente da actividade do avogado.

e) Facer referencia directa ou indirecta a clientes do propio avogado.

f) Utilizar os emblemas ou símbolos colexiais e aqueles outros, que pola súa semellanza, puidesen xerar confusión, ao se reservar o seu uso para a publicidade institucional que se poida realizar en beneficio da profesión en xeral, a Xunta de Goberno poderá autorizar a utilización de tales emblemas ou símbolos colexiais cando se realice en beneficio e interese da profesión.

2. Os avogados que presten os seus servizos en forma permanente ou ocasional a empresas individuais ou colectivas, deberán exixir que estas se absteñan de efectuar publicidade respecto de tales servizos, que non se axuste ao establecido neste estatuto.

Sección quinta Venia e substitucións

Artigo 40º.-Liberdade profesional.

Os avogados terán plena liberdade de aceptar ou rexeitar a dirección do asunto, así como de renunciar a este en calquera fase do procedemento, sempre que non se lle produza indefensión ao cliente. Exceptúanse as intervencións de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio, que se rexerán de acordo co seu regulamento.

Artigo 41º.-Venia e substitucións.

1. Os avogados que se encarguen da dirección profesional dun asunto encomendado a outro compañeiro na mesma instancia, deberán solicitar a súa venia, salvando que exista renuncia escrita e incondicionada a proseguir a súa intervención por parte do anterior letrado, e en todo caso, obter deste a información necesaria para continuar o asunto.

2. A venia, agás no caso de urxencia que se debe xustificar, deberá ser solicitada con carácter previo e

por escrito, sen que o letrado requirido poida denegala e, coa obriga pola súa parte de devolver a documentación no seu poder e de facilitarlle ao novo letrado a información necesaria para continuar a defensa.

3. O letrado substituído terá dereito a reclamar os honorarios que correspondan á súa intervención profesional, e o substituto terá o deber de colaborar diligentemente na xestión do seu pagamento.

4. Non será necesaria a solicitude de venia cando se inste demanda de execución transcorridos dous anos desde a firmeza da sentenza que trae causa.

Sección sexta

Exercicio individual, colectivo e multiprofesional

Artigo 42º.-Exercicio individual.

1. O exercicio individual da avogacía poderá desenvolverse por conta propia, como titular dun despacho, ou por conta allea, como colaborador dun despacho individual ou colectivo. Non se perderá a condición de avogado que exerce como titular do seu propio despacho individual cando:

a) O avogado teña no seu bufete pasantes ou colaboradores, con ou sen relación laboral con eles.

b) O avogado comparta o bufete co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

c) O avogado comparta os locais, instalacións, servizos ou outros medios con outros avogados, pero mantendo a independencia dos seus bufetes, sen identificación conxunta deles ante a clientela.

d) O avogado concerte acordos de colaboración para determinados asuntos ou clases de asuntos con outros avogados ou despachos colectivos, nacionais o estranxeiros, calquera que sexa a súa forma.

e) O avogado constituía unha sociedade unipersonal para o dito exercicio da avogacía, que haberá de observar, en canto poida aplicárselle, o disposto no artigo seguinte para o exercicio colectivo.

2. O avogado titular dun despacho profesional individual responderá profesionalmente fronte ao seu cliente das xestións ou actuacións que efectúen os seus pasantes ou colaboradores, sen prexuízo da facultade de repetir fronte a eles mesmos se proceder. Non obstante, os pasantes e colaboradores quedan sometidos ás obrigas deontolóxicas e asumirán a súa propia responsabilidade disciplinaria.

3. O exercicio da avogacía por conta allea en réxime de especial colaboración haberá de pactarse expresamente por escrito, fixando as condicións, duración, alcance e réxime económico da colaboración.

4. A avogacía tamén poderá exercerse por conta allea baixo réxime de dereito laboral, mediante contrato de traballo formalizado por escrito e no cal deberá de respectarse a liberdade e independencia básicas

para o exercicio da profesión e expresarse se o dito exercicio fose en réxime de exclusividade.

5. O Colexio de Avogados poderá exixir a presentación dos contratos de colaboración e de traballo, co fin de verificar que se axustan ao establecido neste estatuto. Nas actuacións que realice o colaborador en réxime especial ou en réxime de dereito laboral, por substitución ou por delegación do despacho co que colabore, deberá facer constar no nome e por conta de quen actúa.

Artigo 43º.-Exercicio colectivo.

1. Os avogados poderán exercer a avogacía colectivamente, mediante a súa agrupación baixo calquera das formas admitidas en dereito, incluídas as sociedades mercantís.

2. A agrupación deberá estar integrada exclusivamente por avogados en exercicio, sen limitación de número. Non poderá compartir locais ou servizos con profesionais incompatibles, se iso afectar á salvagarda do segredo profesional. Tanto o capital coma os dereitos políticos e económicos deberán estar atribuídos unicamente aos avogados que integren o despacho colectivo.

3. A forma de agrupación deberá permitir en todo momento a identificación dos seus integrantes, deberá constituírse por escrito e inscribirse no rexistro especial correspondente ao Colexio. No dito rexistro inscribiranse a súa composición, así como as altas e baixas que se produzan. Os avogados que formen parte dun despacho colectivo estarán obrigados persoalmente a solicitar as inscricións correspondentes.

4. Os avogados agrupados nun despacho colectivo non poderán ter despacho independente e nas intervencións profesionais que realicen e nas minutas que emitan, deberán deixar constancia da súa condición de membros do referido colectivo. Non obstante, as actuacións correspondentes á asistencia xurídica gratuita terán carácter persoal, aínda que se poderá solicitar do Colexio a súa facturación a nome do despacho colectivo.

5. Os avogados membros dun despacho colectivo terán plena liberdade para aceptar ou rexeitar calquera cliente ou asunto do despacho, así como plena independencia para dirixir a defensa dos intereses que teñan encomendados. As substitucións que se produzan ateranse ás normas de funcionamento do respectivo despacho, sen precisar a solicitude de venia interna. Os honorarios responderanlle ao colectivo sen prexuízo do réxime interno de distribución que establezan as referidas normas.

6. A actuación profesional dos integrantes do despacho colectivo estará sometida á disciplina do ámbito do Colexio na circunscrición do cal se efectúa, e responderá persoalmente o avogado que a efectuase. Non obstante, estenderanse a todos os membros do despacho colectivo o deber de segredo profesional, as incompatibilidades que afecten a calquera dos seus integrantes, e as situacións de prohibición de actuar

en defensa de intereses contrapostos cos patrocinados por calquera deles.

7. A responsabilidade civil que puidese ter o despacho colectivo será conforme co réxime xurídico xeral que corresponda á forma de agrupación utilizada.

8. Para a mellor salvagarda do segredo profesional e das relacións de compañeirismo, as normas reguladoras do despacho colectivo poderán someter a arbitraje colexial as discrepancias que puidesen xurdir entre os seus membros a causa do funcionamento, separación ou liquidación do dito despacho.

Artigo 44º.-Colaboración multiprofesional.

1. Os avogados poderán asociarse en réxime de colaboración multiprofesional con outros profesionais liberais non incompatibles, sen limitación de número e sen que iso afecte a súa plena capacidade para o exercicio da profesión ante calquera xurisdición e tribunal, utilizando calquera forma lícita en dereito, incluídas as sociedades mercantís, sempre que cumpran as seguintes condicións:

a) Que a agrupación teña por obxecto a prestación de servizos conxuntos determinados, incluíndo servizos xurídicos específicos que se establezan cos das outras profesións.

b) Que a actividade que se vai desempeñar non afecte o correcto exercicio da avogacía dos membros avogados.

c) Que se cumpran as condicións establecidas no artigo 28 do EXA no que afecte ao exercicio da avogacía, salvo o expresado baixo o seu punto 2, que non resultará aplicable, ou no punto 4 do que soamente será aplicable a obriga de deixar constancia da condición de membro do colectivo multiprofesional nas actuacións que se realicen e minutas que se emitan no seu ámbito.

2. Crearase un rexistro especial onde se inscribirán as agrupacións en réxime de colaboración multiprofesional.

3. Os membros avogados deberán separarse cando calquera dos seus integrantes incumpra as normas sobre prohibicións, incompatibilidades ou de deontoloxía propias da avogacía.

CAPÍTULO III

DEREITOS E DEBERES DOS AVOGADOS

Sección primeira De carácter xeral

Artigo 45º.-Cooperación coa Administración de xustiza.

O deber fundamental do avogado, como partícipe na función pública da Administración de xustiza, é cooperar con ela, asesorando, conciliando e defendendo en dereito os intereses que lle sexan confiados. En ningún caso, a tutela de tales intereses pode xustificar a desviación do fin supremo de xustiza a que a avogacía se acha vinculada.

Artigo 46º.-Outros deberes.

Son tamén deberes xerais do avogado:

a) Cumprir as normas legais, estatutarias e deontolóxicas, así como os acordos dos diferentes órganos corporativos.

b) Manter despacho profesional aberto, no territorio do Colexio en cuxo ámbito estea incorporado e exerza habitualmente a súa profesión.

c) Comunicar o seu domicilio e os seus eventuais cambios del ao Colexio ao que estea incorporado.

d) Comunicar os cambios de domiciliación bancaria para efectos de cargo de cotas colexiais.

Artigo 47º.-Segredo profesional.

1. De conformidade co establecido polo artigo 437.2º da Lei orgánica do Poder Xudicial, os avogados deberán gardar segredo de todos os feitos ou noticias que coñezan por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional e non poderán ser obrigados a declarar sobre eles.

2. No caso de que o decano, ou quen estatutariamente o substitúa, fose requirido en virtude de norma legal ou avisado pola autoridade xudicial ou, se é o caso, gobernativa competente para a práctica dun rexistro no despacho profesional dun avogado, deberá presentarse no dito despacho e asistir ás dilixencias que nel se practiquen, velando pola salvagarda do segredo profesional.

Artigo 48º.-Honos.

O avogado ten dereito a todas as consideracións honoríficas debidas á súa profesión e que tradicionalmente lle son recoñecidas.

Artigo 49º.-Liberdade e independencia.

1. O avogado, en cumprimento da súa misión, actuará con liberdade e independencia, sen outras limitacións que as impostas pola lei e polas normas éticas e deontolóxicas.

2. O deber de defensa xurídica que aos avogados se confía é tamén un dereito para eles, polo que, ademais de facer uso de cantos remedios ou recursos establece a normativa vixente, poderán reclamar, tanto das autoridades como dos colexios e dos particulares, todas as medidas de axuda na súa función que lles sexan legalmente debidas.

3. Se o letrado entender que non se lle garda o respecto debido á súa misión, liberdade e independencia, poderá facerllo presente ao xuíz ou tribunal para que poña o remedio adecuado.

Sección segunda

En relación co Colexio e cos demais colexiados

Artigo 50º.-Deberes colexiais.

Son deberes dos colexiados:

a) Estar ao día no pagamento das súas cotas, ordinarias ou extraordinarias, e levantar as demais cargas

colexiais, calquera que sexa a súa natureza, na forma e prazos para o efecto establecidos. Para tales efectos, considéranse cargas corporativas todas as impostas polo Colexio, o Consello da Avogacía Galega, ou o Consello Xeral da Avogacía.

b) Denunciar ao Colexio todo acto de intrusión que chegue ao seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal, sexa por falta de colexiación, por suspensión ou inhabilitación do denunciado, ou por estar incurso en supostos de incompatibilidade ou prohibición. Así como aqueles supostos de falta de comunicación da actuación profesional.

c) Denunciar ao Colexio calquera atentado contra a liberdade, independencia ou dignidade dun avogado no exercicio das súas funcións.

d) Non intentar a implicación do avogado contrario no litixio ou intereses debatidos, nin directa nin indirectamente, evitando incluso calquera alusión persoal ao compañeiro e tratándoo sempre coa maior corrección.

e) Manter como materia reservada as conversas e correspondencia habidas co avogado ou avogados contrarios, con prohibición de revelalos ou presentalos en xuízo sen o seu previo consentimento. Non obstante, por causa grave, a Xunta de Goberno do Colexio poderá discrecionalmente autorizar a súa revelación ou presentación en xuízo sen o dito consentimento previo.

f) E todos aqueles contidos no código deontolóxico.

Artigo 51º.-Dereitos colexiais.

Son dereitos dos colexiados:

a) Participar na xestión corporativa e, por tanto, exercer os dereitos de petición, voto e acceso aos cargos directivos, na forma que establezan as normas legais ou estatutarias.

b) Solicitar e obter de todos os órganos corporativos a protección da súa independencia e lícita liberdade de actuación profesional.

Sección terceira

En relación cos tribunais

Artigo 52º.-Normas xerais de actuación.

Son obrigas do avogado para cos órganos xurisdiccionais, a probidade, lealdade e veracidade en canto ao fondo das súas declaracións ou manifestacións, e o respecto canto á forma da súa intervención.

Artigo 53º.-Indumentaria.

1. Os avogados comparecerán ante os tribunais vestindo toga e, potestativamente, bonete, sen distintivo de ningunha clase, salvante o colexial, adecuando a súa indumentaria á dignidade e prestixio da toga que visten e ao respecto á xustiza.

2. Os avogados só estarán obrigados a descubrirse á entrada e saída das salas a que concorran para as vis-

tas e no momento de solicitar a venia, para emitir informe.

Artigo 54º.-Dereitos na actuación forense.

1. Os avogados terán dereito a intervir ante os tribunais de calquera xurisdición sentados dentro do estrado, ao mesmo nivel en que se instale o tribunal ante o que actúen, tendo diante de si unha mesa e situándose aos lados do tribunal de modo que non dean as costas ao público, sempre con igualdade de trato co Ministerio Fiscal ou coa Avogacía do Estado.

2. O letrado actuante poderá ser auxiliado o substituído no acto da vista, xuízo e en calquera outra dilixencia xudicial por un compañeiro en exercicio, incorporado ou a actuación do cal fose debidamente comunicada ao Colexio. Para a substitución abondará a declaración do avogado substituído, baixo a súa propia responsabilidade.

3. Os avogados que se encontren procesados ou encartados e que se defendan a si mesmos ou colaboren co seu defensor, usarán toga e ocuparán o sitio establecido para os letrados.

Artigo 55º.-Outras consideracións.

1. Nos tribunais designarase un sitio separado do público, coas mesmas condicións do sinalado para os avogados actuantes, co fin de que poidan ocupalo os demais letrados que, vestindo toga, queiran presenciar os xuízos e vistas públicas.

2. Nas sedes de xulgados e tribunais procurárase a existencia de dependencias dignas e suficientes para a súa utilización exclusiva por parte dos avogados no desenvolvemento da súas funcións.

Artigo 56º.-Puntualidade.

Os avogados esperarán un tempo prudencial sobre a hora indicada polos órganos xudiciais para as actuacións en que vaian intervir, e logo de transcorrido, poderán formular a pertinente queixa ante o mesmo órgano e informar do atraso á Xunta de Goberno para que poida adoptar as iniciativas pertinentes.

Artigo 57º.-Queixa.

Se o avogado actuante considerase que a autoridade, tribunal ou xulgado coarta a independencia e liberdade necesarias para cumprir os seus deberes profesionais, ou que non se lle gardase a consideración debida á súa profesión, poderá facelo constar así ante o propio xulgado ou tribunal baixo a fe do secretario e dar conta á Xunta de Goberno. A dita Xunta, se estimar fundada a queixa, adoptará as medidas oportunas para amparar a liberdade, independencia e prestixio profesional.

Sección cuarta

En relación coas partes

Artigo 58º.-Deberes xerais co cliente.

1. Son obrigas do avogado para coa parte por el defendida, ademais das que deriven das súas relacións contractuais, o cumprimento da misión de

defensa que lle sexa encomendada co máximo celo e dilixencia, gardando o segredo profesional.

2. O avogado realizará dilixentemente as actividades profesionais que lle impoña a defensa do asunto encomendado, aténdose ás exixencias técnicas, deontolóxicas e éticas adecuadas á tutela xurídica do dito asunto e podendo auxiliarse dos seus colaboradores ou outros compañeiros, que actuarán baixo a súa responsabilidade.

3. En todo caso, o avogado deberá identificarse ante a persoa á cal asesore ou defenda, incluso cando o faga por conta dun terceiro, co fin de asumir as responsabilidades civís, penais e deontolóxicas que, no seu caso, correspondan.

4. Todas aquelas establecidas no código deontolóxico.

Artigo 59º.-Deberes coa parte contraria.

1. Son obriga do avogado para coa parte contraria o trato considerado e cortés, así como a abstención ou omisión de calquera acto que determine unha lesión inxusta para ela.

2. Os establecidos no código deontolóxico.

Sección quinta *Dos honorarios profesionais*

Artigo 60º.-Honorarios.

1. O avogado ten dereito a unha compensación económica ou honoraria pola súa actuación profesional, e a reintegrarse dos gastos que se lle ocasionasen.

O avogado deberá informar ao seu cliente, se é solicitado por este e na medida do posible, do montante a que poidan ascender os honorarios e gastos do asunto encomendado. Así mesmo, pode solicitar a entrega dunha provisión de fondos, a conta dos ditos gastos e honorarios, que non excedan da provisión razoable que por aqueles conceptos comportará o asunto.

2. A falta de pacto expreso para a fixación dos honorarios, aconséllase ter en conta, como referencia, os baremos orientadores aprobados polo Consello da Avogacía Galega, que en todo caso, terá carácter supletorio do convido e que se aplicarán nos casos de condena ás custas á parte contraria.

3. A dita compensación económica poderá asumir a forma de retribución fixa, periódica ou por horas.

4. A Xunta de Goberno poderá acordar medidas disciplinarias contra os letrados que habitual e temerariamente impugnen as minutas dos seus compañeiros, así como, contra aqueles con honorarios que sexan declarados reiteradamente excesivos ou indebidos.

5. Para o caso de impugnación xudicial, os dereitos e devengos polo ditame do Colexio serán por conta do letrado impugnado se a minuta fose reducida en máis dun 20%, sendo en caso contrario por conta do impugnante.

Sección sexta

En relación coa asistencia xurídica gratuíta

Artigo 61º.-Exclusividade.

1. Correspóndelle ao avogado o asesoramento xurídico e defensa de oficio das persoas que teñan dereito á asistencia xurídica gratuíta, conforme a lexislación vixente.

2. Así mesmo, corresponde aos avogados a asistencia e defensa de quen solicite avogado de oficio ou non designen avogado na xurisdición penal, sen prexuízo do aboamento de honorarios polo cliente se non lle for recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta. A invocación do dereito de autodefensa non impedirá a asistencia de avogado para atender os asesoramentos que ao respecto se lle soliciten e asumir a defensa de se lle pedir.

3. Igualmente, correspóndelles aos avogados a asistencia aos detidos e presos, nos termos que exprese a lexislación vixente.

Artigo 62º.-Prestación do servizo.

1. Os avogados desempeñarán as funcións a que se refire o artigo precedente coa liberdade e independencia profesional que lle son propias e conforme as normas éticas e deontolóxicas que rexen a profesión.

2. O desenvolvemento das ditas funcións será organizado pola Xunta de Goberno do Colexio de Avogados, conforme a lexislación vixente e o regulamento da quenda de oficio.

3. A Administración pública aboará a remuneración dos servizos que se presten, en cumprimento do establecido neste capítulo, e poderá efectuar o seguimento e control periódico do funcionamento do servizo e da aplicación dos fondos públicos a el destinados, na forma legalmente establecida.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO COLEXIO

CAPÍTULO I

DOS ÓRGANOS DO COLEXIO

Artigo 63º.-Principios xerais.

1. O goberno do Colexio estará presidido polos principios de democracia e autonomía.

2. O Colexio de Avogados estará rexido polo decano, a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral.

CAPÍTULO II

DO DECANO E DA XUNTA DE GOBERNO

Atribucións, composición e requisitos

Artigo 64º.-Do decano.

Corresponderalle ao decano a representación legal do Colexio en todas as súas relacións, incluídas as que manteña cos poderes públicos, entidades, corporacións e personalidades de calquera orde; as fun-

cións de consello, vixilancia e corrección que os estatutos reserven á súa autoridade; a presidencia de todos os órganos colexiais, así como a cantas comisións e comités especiais asista, dirixindo os debates e votacións, con voto de calidade en caso de empate; a expedición das ordes de pagamento e libramentos para atender os gastos e investimentos colexiais, e a proposta dos avogados que deban formar parte de tribunais de oposicións ou concursos, a excepción daquelas propostas que por disposición legal corresponda realizar ao Consello Xeral da Avogacía.

Da Xunta de Goberno

Artigo 65º.-Composición.

A Xunta de Goberno, órgano reitor do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela componse de decano, un vicedecano ou deputado primeiro, un tesoureiro, un bibliotecario, un secretario e outros catro deputados que se denominarán segundo, terceiro, cuarto e quinto.

Artigo 66º.-Requisitos.

1. O decano e os outros membros da Xunta de Goberno serán elixidos entre colexiados exercentes e residentes na demarcación do Colexio que, ao seren proclamados candidatos, acrediten as seguintes antiñüidades mínimas de exercicio profesional:

Para decano e deputado primeiro: 10 anos.

Para secretario, tesoureiro, deputado 2º e 3º: 5 anos.

Para bibliotecario, deputados 4º e 5º: 3 anos.

2. Os candidatos non poderán estar incursos en ningunha das seguintes situacións:

a) Estar condenados por sentenza firme que leve aparelada a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos, en canto estas subsistan.

b) Ter sido disciplinariamente sancionados en calquera colexio de avogados, mentres non sexan rehabilitados.

c) Ser membros de órganos reitores doutro colexio profesional.

Artigo 67º.-Duración do mandato.

1. O mandato dos membros da Xunta de Goberno será de cinco anos e poderán ser reelixidos.

2. Cando se produza calquera vacante antes da expiración do mandato, a Xunta de Goberno poderá convocar eleccións para cubrila. O elixido, serao tan só para o resto do mandato que quedase do substituído.

Artigo 68º.-Reunións, convocatoria, quórum e acordos. Obrigas de asistencia.

1. A Xunta de Goberno reunirse unha vez ao mes, excepto en casos xustificadas, e cantas veces sexa convocada polo decano, por propia iniciativa, ou por pedimento de catro do seus membros.

2. A convocatoria será realizada polo secretario, por orde do decano, mediante escrito remitido cunha antelación mínima de tres días, salvo en supostos de urxencia, e expresará lugar, día e hora da reunión e asuntos que se vaian tratar.

3. Para que a Xunta de Goberno quede validamente constituída, será necesaria a concorrencia da maioría numérica dos membros que a integren, non sendo nos supostos que requiran quórum especial de asistencia.

4. Os acordos tomaranse por maioría simple de votos emitidos, excepto os supostos que requiran maiorías cualificadas. Para o caso de empate, decidirá o voto do decano.

5. A asistencia ás reunións da Xunta de Goberno será obrigatoria.

6. Os membros da Xunta de Goberno cesarán pola falta de asistencia inxustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas no prazo dun ano, tras o acordo previo da propia Xunta.

Artigo 69º.-Atribucións.

1. Son atribucións da Xunta de Goberno:

a) Someter a referendo asuntos concretos de interese colexial, por sufraxio secreto e na forma en que a propia Xunta estableza.

b) Resolver sobre a admisión dos licenciados en dereito que soliciten incorporarse ao Colexio; o decano poderá exercer esta facultade, en casos de urxencia, e serán sometidos á ratificación da Xunta de Goberno.

c) Velar por que os colexiados observen boa conduta en relación cos tribunais, cos seus compañeiros e cos seus clientes, e que no desempeño da súa función, despreguen a necesaria dilixencia e competencia profesional.

d) Perseguir a intrusión e denunciar as incompatibilidades.

e) Regular, nos termos legalmente establecidos, o funcionamento e a designación para prestar os servizos de asistencia xurídica gratuíta.

f) Determinar as cotas de incorporación e as ordinarias que deban satisfacer os colexiados para o sostemento das cargas e servizos colexiais.

g) Propoñerlle á Xunta Xeral a imposición de cotas extraordinarias aos seus colexiados.

h) Recadar o importe das cotas e das pólizas establecidas para o sostemento das cargas do Colexio, do Consello da Avogacía Galega, do Consello Xeral da Avogacía, así como dos demais recursos económicos previstos no Estatuto xeral.

i) Establecer os criterios orientadores dos honorarios profesionais. Emitir informes en materia de honorarios profesionais nos supostos legais ou estatutariamente previstos.

j) Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno, e dispoñer o necesario para a súa elección, conforme as normas legais e estatutarias.

k) Convocar xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, coa fixación da orde do día.

l) Exercer as facultades disciplinarias.

m) Propoñerlle para aprobación da Xunta Xeral os regulamentos de orde interior que coide convenientes.

n) Establecer, crear ou aprobar as delegacións, agrupacións, comisións ou seccións de Colexiados que poidan interesar para os fins da corporación, regulando o seu funcionamento e fixando as facultades que, se é o caso, lle deleguen. As comisións deberán ser presididas en todo caso por un membro da Xunta de Goberno.

ñ) Velar por que no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e prestixio que corresponden ao avogado, así como propiciar a harmonía e colaboración entre os Colexiados, impedindo a competencia desleal.

o) Informar os Colexiados de cantas cuestións coñeza que poidan afectalos, xa sexan de índole corporativa, Colexial, profesional ou cultural.

p) Defender os Colexiados no desempeño das funcións da profesión.

q) Promover preto das administracións públicas e das autoridades canto se considere beneficioso para o interese común e para a recta e pronta administración de xustiza.

r) Exercer os dereitos e accións que lle correspondan ao Colexio e, en particular, contra os que entorpezan o bo funcionamento da Administración de xustiza ou a liberdade e independencia do exercicio profesional.

s) Recadar, distribuír e administrar os fondos do Colexio; redactar os orzamentos, render as contas anuais, e propoñerlle á Xunta Xeral o investimento ou disposición do patrimonio Colexial, de se tratar de inmobles.

t) A Xunta de Goberno poderá emitir ditames, tramitar consultas e ditar laudos. Os dereitos económicos que perciban por estas actuacións ingresaranse na caixa do Colexio.

u) Proceder á contratación dos empregados necesarios para a boa marcha da corporación.

v) Dirixir, coordinar, programar e controlar a actividade dos departamentos e servizos Colexiais.

w) Solicitar, custodiar e administrar os fondos e patrimonio do Colexio e propoñerlle á Xunta Xeral a adquisición, alleamento ou gravame dos inmobles que integren o patrimonio Colexial.

x) Decidir a realización de auditoría das contas Colexiais e contratala.

y) Designar árbitros, contadores e peritos cando tal designación lle sexa solicitada, e establecer os requisitos de formación e antigüidade.

2. En relación coas agrupacións dos xoves avogados:

a) Correspóndelle á Xunta de Goberno aprobar a constitución, suspensión ou disolución das agrupacións de avogados novos ou calquera outra que poida constituírse no seo do Colexio, así como os seus estatutos e as súas modificacións.

b) A Xunta de Goberno poderá acordar a asistencia do presidente da Agrupación de Avogados Novos ou de calquera outra agrupación que se poida constituír no seo deste Colexio, para que interveña con voz pero sen voto nas súas reunións, aínda que non poderán estar presentes cando se debatan asuntos de índole disciplinaria. En todo caso estableceranse previamente na orde do día aqueles asuntos nos cales poidan estar presentes.

c) As actuacións e comunicacións das comisións, seccións e agrupacións existentes no seo do Colexio deberán ser identificadas como de tal procedencia, sen atribuírselle á corporación.

Artigo 70º.-Do vicedecano.

1. O vicedecano ou deputado primeiro desempeñará todas aquelas funcións que lle confira o decano e asumirá os deste nos supostos de ausencia, enfermidade, abstención, recusación ou vacante.

2. O deputado primeiro será o vicedecano e os demais deputados serán igualmente numerados co fin de substituír por orde de categoría o decano nos casos previstos no parágrafo anterior.

Artigo 71º.-Dos deputados.

1. Os deputados actuarán como vogais da Xunta de Goberno e desenvolverán, ademais das funcións previstas nos estatutos, as que especialmente lle sexan encomendadas por aquela.

2. As substitucións dos cargos de decano, vicedecano, secretario, tesoureiro e bibliotecario-contador corresponderanlle ao deputado que designe a Xunta de Goberno. Para o caso de urxencia, decidirá o decano.

Artigo 72º.-Corresponderalle ao tesoureiro.

1. Materializar a recadación e custodiar os fondos do Colexio.

2. Pagar os libramentos que expida o decano.

3. Informar periodicamente a Xunta de Goberno da conta de ingresos, gastos e marcha do orzamento; e formalizar anualmente as contas do exercicio económico vencido.

4. Redactar os orzamentos anuais que a Xunta de Goberno deba presentarlle para a aprobación da Xunta Xeral.

5. Ingresar e retirar fondos das contas bancarias, conxuntamente co decano.

6. Levar inventario minucioso dos bens do Colexio, dos que será administrador.

7. Controlar a contabilidade e verificar a caixa.

8. Cobrar os intereses e rendas do capital do Colexio.

Artigo 73º.-Do bibliotecario.

Son funcións do bibliotecario:

a) A dirección e ordenación da biblioteca e da catalogación das obras.

b) A adecuación da biblioteca aos avances técnicos e necesidades dos colexiados, recollendo as suxestións destes e decidindo a adquisición das obras que coide de interese.

Artigo 74º.-Do secretario.

Son funcións do secretario:

a) Recibir as comunicacións, correspondencia, solicitudes e todos os escritos dirixidos ao Colexio e dispoñer a súa tramitación.

b) Librar certificacións.

c) Levar o rexistro dos colexiados.

d) Formar os expedientes persoais de todos os colexiados.

e) Redactar as actas das xuntas xerais e das sesións da Xunta de Goberno.

f) Coidar o arquivo, levar o libro rexistro de títulos e custodiar o selo do Colexio.

g) Publicar anualmente as listas dos colexiados.

h) Organizar e dirixir as oficinas e desempeñar a xefatura de persoal.

Artigo 75º.-Terminación do mandato.

Os membros da Xunta de Goberno, ao cesaren nos seus cargos, farano tamén naqueles outros para os que fosen designados na súa condición de compoñentes dela, salvante que a Xunta acorde expresamente a súa continuidade.

CAPÍTULO III

DAS ELECCIÓNS PARA OS CARGOS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 76º

1) Tempo da elección.

1. As eleccións para cubrir os cargos vacantes da Xunta de Goberno terán lugar dentro do último trimestre do ano.

2. As eleccións poderán convocarse dentro da orde do día da segunda Xunta Xeral ou con independencia desta.

2) Convocatoria.

A convocatoria das eleccións axustarase ás seguintes regras:

1. O cómputo dos prazos entenderase por días naturais.

2. A Xunta de Goberno redactará a convocatoria electoral, que se anunciará como mínimo con trinta días de antelación á data de celebración das eleccións, en que non se computarán o día do anuncio nin o de celebración.

3. Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria, o secretario deberá inserila no taboleiro de anuncios do Colexio, e deberá ter o seguinte contido mínimo:

a) Cargos que han ser obxecto de elección e requisitos exixidos para poder aspirar a cada un deles, tanto de antigüidade como de situación colexial.

b) Día, hora e lugar da celebración das eleccións e hora a que se pecharán as urnas para o comezo do escrutinio.

c) Igualmente, expoñeranse no taboleiro de anuncios as listas separadas de colexiados exercentes e non exercentes con dereito a voto.

4. A convocatoria seralles remitida tamén mediante circular aos colexiados.

Artigo 77º.-Eleccións.

1. Serán electores todos os colexiados incorporados con máis de tres meses de antelación á data da convocatoria das eleccións.

2. O voto dos colexiados exercentes terá dobre valor que o dos non exercentes.

3. As reclamacións contra a inclusión ou exclusión das listas de electores deberán formularse, de ser o caso, dentro dos cinco días seguintes á súa exposición.

4. A Xunta de Goberno resolverá, caso de existir reclamacións contra as listas, dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo, para formulalas, e notificaráselles a resolución aos reclamantes dentro dos días seguintes.

Artigo 78º.-Candidatos.

1. As candidaturas deberán presentarse na Secretaría do Colexio no prazo que medie entre o día da convocatoria e os quince días anteriores á data de celebración de eleccións, e excluirase do computo o día das eleccións.

2. As ditas candidaturas poderán presentarse individual ou conxuntamente nunha soa lista para todos ou algúns dos cargos dos que se convoque elección, ben que, en todo caso, as listas serán abertas.

3. Non se poderá presentar ás eleccións ningún membro da Xunta de Goberno que estea no exercicio do cargo.

4. As candidaturas deberán estar asinadas persoalmente polos candidatos. Non será válida a candidatura dun mesmo colexiado para máis dun cargo.

5. Ao día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de candidaturas, a Xunta de Goberno proclamará candidatos a aqueles que reúnan os requisitos establecidos. Seguidamente, publicará no taboleiro de anuncios os nomes dos candidatos e notificaralles a estes a súa proclamación.

6. As exclusións deberán ser motivadas e notificaráselles aos interesados nos dous días seguintes á publicación.

7. Contra a resolución de exclusión dun candidato poderá presentarse recurso no prazo de dous días perante a Xunta de Goberno, que resolverá en igual prazo

Artigo 79º.-Candidato único.

Cando, finalizado o prazo de presentación de candidaturas, exista un só candidato para algunha das vacantes convocadas, quedará designado electo o único presentado.

Artigo 80º.-Desenvolvemento da votación.

1. Para a celebración das eleccións constituirase a mesa electoral, integrada polo decano, como presidente, polo secretario e por outro membro da Xunta de Goberno. O decano e o secretario poderán ser substituídos de acordo co réxime xeral de substitucións.

2. Cada candidato poderá designar entre os colexiados un interventor que o represente no desenvolvemento da votación e escrutinio.

3. Na mesa electoral deberá haber urnas separadas, pechadas e precintadas, para letrados exercentes e non exercentes.

4. Constituída a mesa electoral, o presidente declarará o comezo da votación. Á hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar os colexiados que xa estivesen na sala. O integrantes da mesa votarán en último lugar.

5. A votación terá unha duración mínima de catro horas e un máximo de oito, salvo que a Xunta de Goberno estableza un prazo maior.

6. As papeletas de votación serán editadas polo Colexio, deberán ser do mesmo tamaño e cor, e introduciranse nas urnas dentro dun sobre que facilitará tamén o Colexio.

7. A Xunta de Goberno deberá dispoñer a existencia na sede en que se celebre a votación, de suficiente número de papeletas co nome e apelidos dos candidatos en branco.

Artigo 81º.-Voto.

Os votantes deberán acreditar ante a mesa electoral a súa identidade. A mesa comprobará a inclusión do votante no censo, pronunciando o presidente en voz

alta o nome e apelidos do votante, indicando que vota, tras o cal o propio presidente introducirá a papeleta na urna correspondente.

Artigo 82º.-Emisión do voto.

1. O exercicio do dereito de voto polos que teñan a condición de electores é persoal, segredo, libre e directo.

2. O voto é indelegable.

3. O voto poderá exercerse tamén por correo. A Xunta de Goberno regulará na convocatoria das eleccións a súa solicitude e formalización.

Artigo 83º.-Escrutinio.

1. Acabada a votación procederase ao escrutinio.

2. Serán nulas aquelas papeletas que conteñan expresións alleas ao contido da votación ou que non permitan determinar a vontade do elector.

3. Serán parcialmente nulas as papeletas que, ao votar a favor dun determinado cargo, o fagan propoñendo o nome dunha persoa que non sexa candidato ou que o sexa para outro cargo distinto ao que se presentase e cando se vote máis dun candidato para un mesmo cargo, así como as que conteñan chatas ou riscadas. A papeleta será válida respecto do voto para os demais cargos que non teñan os defectos indicados.

4. Serán válidas as papeletas que conteñan voto para un número inferior de cargos ao número que se someta a elección.

5. Finalizado o escrutinio, o secretario da mesa electoral levantará acta do resultado que asinará co visto e praxe do presidente. O presidente anunciará o resultado e proclamaranse seguidamente electos os candidatos que obtivesen, para cada cargo, o maior número de votos.

6. En caso de empate entenderase elixido o candidato que obtivese máis votos dos colexiados exercentes; de persistir o empate, resultará elixido o candidato de maior antigüidade no exercicio da profesión no Ilustre Colexio de Avogados de Santiago.

7. O resultado da elección poderá ser impugnado no prazo de cinco días naturais ante o Consello da Avogacía Galega.

Os recursos que se interpoñan contra o resultado das eleccións serán admitidos nun único efecto e non suspenderán a proclamación e toma de posesión dos elixidos, salvante cando así se acorde por causas excepcionais mediante resolución expresa e motivada.

8. No prazo de cinco días desde a constitución da Xunta de Goberno deberá comunicarse a súa composición ao Consello da Avogacía Galega, ao Consello Xeral da Avogacía Española e á consellería competente en materia de colexios profesionais.

CAPÍTULO IV

DA TOMA DE POSESIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 84º.-Prazo.

Os membros electos deberán tomar posesión dos seus cargos na data que estableza a Xunta de Goberno, que deberá ser necesariamente dentro do prazo de sesenta días naturais a partir do día da elección.

Ata que a dita toma de posesión teña lugar, os membros cesantes seguirán exercendo as súas funcións interinamente.

Artigo 85º.-Acto da toma de posesión.

A toma de posesión levarase a cabo en acto solemne no que os novos cargos prestarán xuramento ou promesa de exercer as súas funcións con lealdade e fidelidade ao Colexio, de cumprir as leis e de gardar segredo das deliberacións da Xunta de Goberno.

CAPÍTULO V

VACANTES E CESAMENTOS DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 86º.-Vacantes.

1. Cando por calquera causa queden vacantes a totalidade dos cargos da Xunta de Goberno do Colexio, o Consello da Avogacía Galega designará unha xunta provisional de entre os seus membros máis antigos. A xunta provisional convocará, no prazo de trinta días naturais, eleccións para a provisión dos cargos vacantes polo resto do mandato que quedase, eleccións que deberán celebrarse dentro dos trinta días naturais seguintes, contados a partir da convocatoria.

2. Da mesma forma complementarase provisionalmente a Xunta de Goberno dun Colexio cando se producise a vacante da metade ou máis dos cargos, e procederáse de igual modo á convocatoria de eleccións para a súa provisión definitiva.

Artigo 87º.-Cesamentos.

Os membros da Xunta de Goberno cesarán polas causas seguintes:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Falta de concorrencia ou perda dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do termo ou prazo para o que foron elixidos ou designados.
- e) Falta de asistencia inustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas no prazo dun ano, logo do acordo da propia Xunta.
- f) Aprobación de moción de censura, segundo o regulado no seguinte capítulo.

CAPÍTULO VI

DA XUNTA XERAL

Artigo 88º.-Celebración.

1. O Colexio de Avogados celebrará cada ano dúas xuntas xerais ordinarias, unha no 1º trimestre e outra no último.

2. Ademais, poderán convocarse cantas xuntas xerais extraordinarias sexan debidamente convocadas por iniciativa do decano, da Xunta de Goberno ou dun número de Colexiados exercentes que representen cando menos o 25% do seu número total, os cales deberán de acreditar ante a Secretaría do Colexio a súa identidade ou representación.

Artigo 89º.-Composición.

1. Todos os Colexiados incorporados con anterioridade á data da súa convocatoria, poderán asistir con voz e voto ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias que se celebren, pero o voto dos Colexiados exercentes computará con dobre valor que o dos demais Colexiados. O voto é indelegable.

2. Os acordos das xuntas xerais adoptaranse por maioría simple e, logo de adoptadas, serán obrigatorios para todos os Colexiados, sen prexuízo do réxime de recursos establecido nos estatutos.

Artigo 90º.-Xunta Xeral ordinaria do primeiro trimestre.

1. A Xunta Xeral ordinaria do 1º trimestre de cada ano terá a seguinte orde do día:

- a) Recensión que fará o decano dos acontecementos máis importantes que durante o ano anterior tivesen lugar con relación ao Colexio.
- b) Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
- c) Lectura, discusión e votación dos asuntos que se consignen na convocatoria.
- d) Proposicións.
- e) Rogos e preguntas.
- f) Toma de posesión, de ser o caso, dos seus cargos respectivos, polos membros da Xunta de Goberno elixidos, e cesamento daqueles a quen corresponda saír.

2. Quince días antes da Xunta, os Colexiados poderán presentar as proposicións que desexen someter á deliberación e acordo da Xunta Xeral, e que serán tratadas na orde do día dentro da sección denominada proposicións. Ao darse lectura destas proposicións, a Xunta Xeral acordará se procede ou non abrir discusión sobre eles.

3. As ditas proposicións deberán aparecer subscribas por un número de Colexiados non inferior ao 5% do total do censo do Colexio con data do 31 de decembro do ano inmediatamente anterior.

Artigo 91º.-Xunta Xeral ordinaria do último trimestre.

A Xunta Xeral ordinaria do derradeiro trimestre de cada ano terá a seguinte orde do día:

1. Exame e votación do orzamento formado pola Xunta de Goberno para o exercicio seguinte.

2. Lectura, discusión e votación dos asuntos que se consignen na convocatoria.

3. Elección para cargos vacantes da Xunta de Goberno, cando proceda.

4. Rogos e preguntas.

Artigo 92º.-Convocatoria das xuntas.

As xuntas xerais serán convocadas con quince días de antelación e comunicadas xunto coa orde do día a cada letrado no enderezo que este lle teña facilitado ao Colexio. Tamén se expoñerá a convocatoria coa orde do día no taboleiro de anuncios da sede do Colexio e na súa páxina web di Colexio.

Para o caso de urxencia, a xuízo do decano, poderase reducir o prazo da convocatoria.

Artigo 93º.-Competencias.

Son competencias exclusivas da Xunta Xeral:

1. Aprobación e reforma dos estatutos e das normas deontolóxicas do Colexio.

2. Elección dos cargos da Xunta de Goberno e a súa remoción por medio de moción de censura.

3. Aprobación dos orzamentos e das contas do Colexio.

4. Aprobación da xestión do órgano de Goberno.

5. Autorizarlle á Xunta de Goberno o alleamento de bens inmoables da corporación.

Artigo 94º.-Xunta Xeral extraordinaria.

1. Toda xunta xeral distinta da prevista nos artigos anteriores, terá a consideración de extraordinaria.

2. A aprobación, modificación e derogación do Estatuto do Colexio e o voto de censura á Xunta de Goberno ou a calquera dos seus membros, deberán ser tratados en Xunta Xeral extraordinaria, convocada para ese único obxecto.

3. As xuntas xerais extraordinarias convocaranse por iniciativa do decano, da Xunta de Goberno ou cando o solicite un número de Colexiados que represente cando menos o 25% dos exercentes. Na solicitude expresaranse os asuntos concretos que serán tratados na Xunta.

4. A convocatoria será feita pola Xunta de Goberno cunha antelación mínima de 15 días. Cando a dita Xunta Xeral fose solicitada polos Colexiados, deberá efectuarse no prazo máximo de 30 días hábiles contados desde a entrada da solicitude no rexistro do Colexio. Nunca poderán ser tratados nela, máis asuntos que os expresados na convocatoria.

5. A súa realización terá lugar o día e hora indicados, calquera que sexa o número de Colexiados concurrentes á dita Xunta, salvante nos casos en que se exixa un quórum de asistencia determinado.

Os seus acordos tomaranse por maioría de votos emitidos, menos nos supostos en que estes estatutos exixan quórum especial. En ningún caso será delegable o voto.

Artigo 95º.-Documentación.

Desde os quince días anteriores á data fixada para a celebración da Xunta Xeral e ata o día anterior a ela, está á disposición de todos os Colexiados, na Secretaría do Colexio, a documentación dos asuntos que sexan obxecto da convocatoria.

Artigo 96º

As xuntas xerais quedarán validamente constituídas calquera que sexa o número de asistentes, sempre que teñan sido debidamente convocadas. Por excepción:

a) Cando la Xunta teña por obxecto a aprobación, modificación, derogación do Estatuto do Colexio, para a válida constitución dela, requirirase a asistencia da metade máis un dos seus Colexiados con dereito a voto. De non se acadar o dito quórum celebrárase unha nova Xunta Xeral na cal non se exixirá quórum especial ningún. Na convocatoria poderase indicar día e hora para a celebración desta segunda convocatoria.

O proxecto de estatuto ou as súas modificacións será sometido ao Consello Xeral da Avogacía e á consellería competente para a súa aprobación definitiva.

b) Cando a Xunta teña por obxecto o voto de censura á Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros; a solicitude da súa convocatoria requirirá a sinatura dun mínimo do 25% dos Colexiados exercentes, incorporados cando menos con tres meses de antelación e expresará con claridade as razóns que a fundamentan.

Para a válida constitución da dita Xunta Xeral extraordinaria, requirirase a concorrencia persoal da metade máis un do censo Colexial con dereito a voto e este deberá de ser expresado necesariamente de forma secreta, directa e persoal. Para que prospere o voto de censura, será necesario o voto favorable da metade máis un do censo dos Colexiados exercentes con dereito a voto.

Artigo 97º.-Desenvolvemento da Xunta Xeral.

1. O decano dirixirá os debates, concedendo e retirando o uso da palabra, poderá advertir os Colexiados que se excedan nas súas intervencións, que non se cingan á cuestión debatida ou que lle falten ao respecto, á consideración debida ao Colexio, á Xunta de Goberno ou aos Colexiados ou que alteren, en calquera forma, o desenvolvemento da Xunta. En tales supostos, o decano, se o interviniente non modificase a súa actitude, tras ser advertido, poderá acordar a súa expulsión da sala.

2. Nos debates concederáse quendas a favor e outras en contra por cada composición ou asunto que se trate, a discreción do decano.

3. Unha vez debatidos os orzamentos, serán sometidos a votación polo decano, conxunta ou separadamente.

Artigo 98º.-Votación.

1. As xuntas xerais adoptarán os seus acordos por maioría simple de votos dos asistentes.

2. O voto dos Colexiados exercentes terá o dobre valor que o dos non exercentes. A condición de Colexiado e a calidade de exercente ou non exercente quedará referida ao día en que se realice a Xunta Xeral.

3. A votación realizarase á man alzada, salvante que a maioría dos asistentes acorde que sexa nominal ou secreta. Por excepción, cando o obxecto da xunta sexa o voto de censura, a votación será secreta.

TÍTULO III

DO RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I

DAS INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS

Artigo 99º.-Responsabilidade disciplinaria.

Con independencia da responsabilidade civil ou penal en que poden incurrir, os Colexiados están suxeitos a responsabilidade disciplinaria nos termos que prevén estes estatutos e as demais disposicións aplicables.

Artigo 100º.-Potestade sancionadora.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a través dos seus órganos competentes, exerce a potestade sancionadora respecto dos avogados que exercen no seu ámbito territorial pola infracción dos deberes e das normas éticas profesionais.

Artigo 101º.-Das infraccións.

As infraccións que levan aparelada sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 102º.-Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves:

a) Exercer a avogacía estando incurso en causa de incompatibilidade, así como prestar a súa sinatura a quen, por calquera causa, non poidan exercer como avogados.

b) Establecer e manter vínculos asociativos de carácter profesional, compartindo local ou non, con outros profesionais, funcionarios ou cargos incompatibles co exercicio da avogacía e prohibidos aos avogados.

c) A condena en sentenza firme por delitos dolosos, en calquera grao de participación, cometidos con ocasión do exercicio profesional ou que, cometidos fóra deste, afecten á dignidade da profesión.

d) A falta grave de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións.

e) A colaboración ou cooperación en calquera forma coa intrusión profesional, así como o seu encubrimento.

f) A ofensa grave á dignidade ou honra dun compañeiro con ocasión do exercicio profesional.

g) A defensa de intereses en conflito cos dun cliente ou dos contrapostos cos patrocinados por calquera outro membro de despacho colectivo ou multidisciplinar.

h) A infracción do deber de segredo profesional.

i) A intervención en calquera tipo de asunto en que poida estar incurso en causa de incompatibilidade respecto del, aínda no caso de incompatibilidade sobrevida, sen cesar na súa intervención.

j) O deliberado e persistente incumprimento das normas deontolóxicas esenciais no exercicio da avogacía.

k) A realización de actividades, constitución de asociacións ou pertenza a estas, cando teñan como fins ou realicen funcións que sexan propias e exclusivas do Colexio.

l) A reiteración en infraccións graves.

m) E, en relación coa quenda de oficio:

1) A percepción de honorarios do cliente da quenda de oficio sen ter dereito a eles.

2) A inasistencia inxustificada a unha vista ou actuación procesual de análoga natureza.

3) A non prestación, sen causa xustificada, da garda de 24 horas para a que teña sido designado.

4) Non estar localizable no período asignado para os que presten a quenda de asistencia ao detido por asistencias individualizadas.

5) A conformidade en xuízo penal, cando resulte de manifesta temeridade.

Artigo 103º.-Infraccións graves.

Constitúen infraccións graves:

a) O incumprimento grave das normas reguladoras da profesión ou dos acordos adoptados polos órganos do Colexio.

b) A falta de respecto pública e manifesta cara aos compañeiros no exercicio da actividade.

c) A falta de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións.

d) A infracción das normas sobre a substitución contidas no artigo 41 destes estatutos.

e) O quebrantamento no incumprimento dunha sanción colexial firme.

f) A reiterada e temeraria formulación de minutas de honorarios que fosen colexialmente declaradas excesivas.

g) O exercicio profesional de forma contraria ao decoro exixible, como, en situación de embriaguez ou

baixo a influencia de drogas tóxicas e substancias análogas.

h) A competencia desleal.

i) A infracción do disposto nas normas sobre publicidade.

j) O pacto de cota litis (*Quota litis*) en sentido estrito.

k) A chegar aos tribunais ou facilitarlle ao cliente cartas, comunicacións ou notas que reciba do avogado da parte contraria suxeitas ao deber de confidencialidade, sen autorización expresa deste último ou, se é o caso, da Xunta de Goberno.

l) A captación desleal de clientes.

m) Reter a documentación recibida dun cliente, e iso, aínda que estivese pendente do cobramento de honorarios.

n) A gravación non autorizada, en calquera tipo de soporte, de conversacións ou reunións.

ñ) O exercicio profesional no ámbito deste Colexio sen a oportuna comunicación da actuación profesional, agás os colexiados residentes no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

o) As previstas no artigo anterior, cando non teñan a entidade suficiente para ser consideradas moi graves.

p) A reiteración en faltas leves.

q) En relación coa quenda de oficio:

1) A inasistencia inustificada á quenda de asistencia, consulta ou tramitación que se teña asignado.

2) A substitución non autorizada no servizo.

3) A alegación de insostibilidade, cando resulte de manifesta temeridade.

4) A percepción de honorarios do cliente de quenda, ou do contrario por condena ás custas, sen poñelo en coñecemento da Comisión da quenda de oficio.

5) A ocultación dalgunha causa de incompatibilidade para acceder ao servizo.

Artigo 104º.-Das infraccións leves.

Constitúen infraccións leves:

a) A negligencia no cumprimento das normas reguladoras da profesión.

b) A falta de respecto, tanto nas actuacións orais coma escritas, cara ao compañeiro no exercicio da actividade profesional.

c) A falta leve de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións.

d) As previstas no artigo anterior, cando non teñan a entidade suficiente para que sexan consideradas como graves.

e) O establecido no parágrafo f do artigo anterior cando non sexa reiterada.

f) E, en relación coa quenda de oficio:

1) Non retirar antes de iniciar a garda ou non devolver no prazo de 48 horas desde a súa finalización, o teléfono móbil ou sistema de localización que se utilice por mor deste servizo.

2) A non remisión dos partes de asistencia no prazo de sete días desde a finalización da garda.

Artigo 105º.-Sanción das infraccións moi graves.

1. As infraccións moi graves sancionaranse coa suspensión do exercicio profesional por período de tres meses a dous anos.

2. As infraccións consideradas nas alíneas a), c), e j) do artigo 102, así como a reiteración na comisión de infraccións moi graves, declaradas por resolución firme, poderanse sancionar coa expulsión do Colexio.

Artigo 106º.-Sanción das infraccións graves.

As infraccións graves sancionaranse coa suspensión do exercicio profesional por un prazo non superior a tres meses.

Artigo 107º.-Sanción das infraccións leves.

As infraccións leves sancionaranse con amoestación privada ou apercibimento por escrito.

Artigo 108º.-Efectos das sancións sobre as cargas colexiais.

Cando a sanción imposta sexa a de expulsión, cesará a obriga do sancionado de atender ás cargas colexiais. En todos os demais casos, tal obriga continuará subsistindo.

Artigo 109º.-Publicidade das sancións e o seu rexistro.

1. A Xunta de Goberno remitiralle ao Consello da Avogacía Galega e ao Consello Xeral da Avogacía Española testemuño dos acordos firmes de sanción, recaídos en expedientes sobre responsabilidade disciplinaria dos colexiados.

2. Daráselle publicidade ás sancións firmes de suspensión ou expulsión, e todas deberán constar no expediente persoal do colexiado sancionado.

3. Igualmente, comunicaráselles aos tribunais as sancións firmes de expulsión e de suspensión no exercicio profesional.

Artigo 110º.-Prescrición das infraccións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde que a infracción se cometese.

Nos casos de infracción continuada ou infracción permanente, tal prazo computarase, respectivamente, desde o día en que se realizou a última infracción ou desde que cesou a situación ilícita.

3. A prescrición interromperase pola notificación ao colexiado afectado do acordo de incoación e información previa á apertura de expediente disciplinario, continuándose o cómputo do prazo de prescrición, se nos tres meses seguintes non se inicia un expediente disciplinario ou se este permanece paralizado durante máis de seis meses, por causas non imputables ao colexiado.

Artigo 111º.-Prescrición das sancións.

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves, aos dous anos; e as impostas por infraccións leves, aos seis meses.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que teña quedado firme o acordo sancionador.

3. O prazo de prescrición da sanción, cando o sancionado quebrante o seu cumprimento, comezará a contar desde a data do quebrantamento.

Artigo 112º.-Cancelación de anotacións por cumprimento da sanción.

1. A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado, cancelárase cando teñan transcorrido os seguintes prazos, sen que o colexiado incorrese en nova responsabilidade disciplinaria: seis meses no caso de sancións de amoestación privada ou apercibimento escrito; un ano para o caso de sanción de suspensión non superior a tres meses; tres anos para o caso de sanción de suspensión superior a tres meses; e cinco anos para o caso de sanción de expulsión. O prazo de caducidade contarase a partir do día seguinte a aquel en que quedase cumprida a sanción.

2. A cancelación da anotación, unha vez cumpridos os ditos prazos, poderá facerse de oficio ou por pedido dos interesados.

Artigo 113º.-Da rehabilitación e a súa comunicación.

1. A rehabilitación solicitaráselle á Xunta de Goberno, quen resolverá sobre ela.

2. Para o caso de expulsión, o sancionado deberá ademais acreditar a rectificación da conduta que deu lugar á imposición da sanción, o cal será valorado pola Xunta de Goberno.

Concedida a rehabilitación, o sancionado poderá solicitar a incorporación ao Colexio.

3. A Xunta de Goberno remitiralle ao Consello da Avogacía Galega e ao Consello Xeral da Avogacía Española testemuño das resolucións de rehabilitación.

CAPÍTULO II

DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 114º.-Procedemento.

1. O procedemento iniciarase por acordo da Xunta de Goberno, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de denuncia da parte interesada.

2. A iniciación de procedemento, a súa instrución, proba, acceso ao expediente e resolución efectuarase de acordo coa regulación do procedemento administrativo común e o vixente Regulamento de procedemento disciplinario da avogacía vixente.

3. As resolucións adoptadas no procedemento deberán serlles notificadas persoalmente aos colexiados no seu domicilio profesional, na forma regulada no artigo 119 destes estatutos.

Artigo 115º.-Información previa.

1. Con anterioridade á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá acordar a realización de actuacións de información previa que permitan determinar se concorren as circunstancias que xustifiquen a súa apertura.

2. As actuacións de información previa, que terán en todo caso, carácter de reservadas, serán realizadas pola Xunta de Goberno, pola Comisión de Deontoloxía ou por calquera outra Comisión colexial que teña atribuídas funcións de investigación e inspección en materia disciplinaria.

Artigo 116º.-Resolución.

1. A resolución do expediente sancionador adoptárase no prazo máximo de seis meses desde a súa iniciación, sen prexuízo das posibles interrupcións do seu cómputo, por suspensión do procedemento.

2. A resolución será motivada e resolverá todas as cuestións suscitadas.

Artigo 117º.-Recursos.

Contra as resolucións do expediente sancionador poderase recorrer de acordo co réxime xeral de recursos previsto no título IV.

TÍTULO IV

DO RÉXIME DOS ACTOS COLEXIAIS E DA SÚA IMPUGNACIÓN

Artigo 118º.-Dereito aplicable.

1. Os acordos que adopten a Xunta de Goberno ou a Xunta Xeral en exercicio das súas potestades administrativas estarán sometidas ao dereito administrativo. Os actos que lle poñan fin á vía administrativa serán inmediatamente executivos, salvante que o propio acordo, ou a norma que habilite a súa adopción, establezan expresamente outra cousa ou que se trate de materia disciplinaria.

2. Aqueles acordos que non se adopten en exercicio de funcións administrativas, estarán sometidos á lexislación que corresponda e poderá ser obxecto de impugnación ou reclamación, así como da existencia das responsabilidades que da súa propia natureza poidan derivarse, ante a xurisdición competente.

Artigo 119º.-Notificación e a súa práctica.

1. Deberán notificarse persoalmente a cada colexiado aqueles acordos que lle afecten de forma individual, directa e persoal.

2. A notificación deberá efectuarse no seu domicilio profesional por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, data, identidade do receptor, contido íntegro da resolución, e haberá de conter a expresión dos recursos procedentes.

3. Se a notificación persoal non puidese practicarse, poderá levarse a cabo en calquera das formas previstas na vixente lexislación, ou de no ser iso posible, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Colexio, e producirá todos os seus efectos a notificación, neste último caso, logo de transcorreren quince días desde a data da publicación.

4. Os acordos de interese xeral daráselles publicidade mediante a súa inserción no boletín do Colexio ou por circular.

Artigo 120º.-Recursos.

1. Contra os acordos definitivos adoptados pola Xunta de Goberno ou pola Xunta Xeral suxeitos ao dereito administrativo, poderase recorrer enalzada ante o Consello da Avogacía Galega, de acordo co que dispón na lexislación sobre o procedemento administrativo común.

2. En materia disciplinaria poderá interpoñerse recurso ante o Consello da Avogacía Galega. O recurso interpoñerase no prazo dun mes desde a notificación do acordo perante a Xunta de Goberno, que deberá remitilo no prazo dos quince días seguintes á data de presentación, cos seus antecedentes e o informe que proceda, ao consello competente.

3. No suposto de actos ou resolucións ditadas no exercicio de competencias administrativas delegadas, haberá que aterse aos termos da propia delegación canto ao órgano competente para coñecer, se é o caso, do recurso correspondente.

Artigo 121º.-Recursos da Xunta de Goberno.

1. A Xunta de Goberno tamén poderá recorrer contra os acordos da Xunta Xeral ante o Consello da Avogacía Galega ou, no seu defecto, ante o Consello Xeral da Avogacía Española, no prazo dun mes desde a súa adopción.

2. Se a Xunta de Goberno entendese que o acordo contra o que se recorre é nulo de pleno dereito ou gravemente daniño para os intereses do Colexio, poderá solicitar a suspensión do acordo contra o que recorre e o consello competente poderá acordalo ou denegalo motivadamente.

Artigo 122º.-Suspensión de acordos.

A suspensión dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno ou pola Xunta Xeral rexerese polas normas establecidas na regulación do procedemento administrativo común.

TÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 123º.-Exercicio económico.

O exercicio económico do Colexio coincidirá co ano natural.

Artigo 124º.-Réxime orzamentario e contabilidade.

O funcionamento económico do Colexio deberá axustarse ao réxime de orzamento anual e será obxecto dunha ordenada contabilidade.

Artigo 125º.-Auditoría.

1. A Xunta de Goberno poderá nomear un auditor de contas para a verificación da contabilidade.

2. De non haber auditor nomeado, por petición suscrita polo 10% da totalidade dos colexiados, a Xunta de Goberno deberá proceder ao nomeamento dun auditor para que, con cargo aos fondos colexiais, efectúe a revisión das contas do exercicio anterior. A dita solicitude deberá presentarse dentro do mes seguinte á data de peche de exercicio obxecto da revisión.

3. A Xunta de Goberno ordenará realizar auditorías para a verificación da contabilidade cando se produza novación ordinaria, total ou parcial do seus órganos de Goberno sen prexuízo da función fiscalizadora que lle corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para isto.

Artigo 126º.-Recursos ordinarios.

Constitúen recursos ordinarios do Colexio:

a) Os rendementos de calquera natureza que se deriven das actividades do Colexio ou dos bens e dereitos que integren o seu patrimonio.

b) As cotas de incorporación ao Colexio.

c) Os dereitos económicos que estableza a Xunta de Goberno por expedición de certificacións, visados, rexistro e inscrición de documentos, así como pola prestación de calquera outro servizo colexial.

d) Os dereitos económicos que estableza a Xunta de Goberno pola emisión de ditames, resolucións, informes, consultas ou laudos, sobre calquera materia, incluídas as referidas a honorarios, por pedimento xudicial o extraxudicial.

e) O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, pólizas e derramas establecidas pola Xunta de Goberno, así como o das cotas extraordinarias que aprobe a Xunta Xeral.

f) Os ingresos derivados da promoción entre os colexiados de servizos e actividades desenvolvidas por terceiros.

g) Os dereitos económicos que establezan a Xunta de Goberno pola emisión de laudos en asuntos que se sometan ao Tribunal Arbitral do Colexio.

h) Calquera outro recurso que derive de conceptos que legalmente sexan procedentes.

Artigo 127º.-Recursos extraordinarios.

Constitúen recursos extraordinarios:

a) As subvencións ou doazóns que sexan recibidas polo Colexio.

b) Os bens e dereitos de toda clase que por herdanza, legado, doazón ou calquera outro tipo lucrativo, pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.

c) As cantidades que por calquera concepto lle corresponda percibir ao Colexio cando administre, en cumprimento de encargo temporal ou perpetuo, incluso de ámbito benéfico ou cultural, determinados bens.

d) Calquera outro que derive de conceptos que legalmente sexan procedentes.

Artigo 128º

1. O patrimonio do Colexio será administrado pola Xunta de Goberno e por delegación desta, polo tesoureiro, coa colaboración técnica que sexa necesaria para estes efectos.

2. O decano exercerá as funcións de ordenación de pagamentos, que o tesoureiro executará, coidando da súa contabilización.

TÍTULO VI

DOS EMPREGADOS E COLABORADORES DO COLEXIO

Artigo 129º.-Contratación.

1. Para o desempeño das funcións que ten encomendadas, o colexio poderá dotarse de persoal contratado e colaborador.

2. Corresponderalle á Xunta de Goberno, por proposta do secretario, decidir en todo caso sobre a contratación do persoal laboral ou a designación dos colaboradores.

Artigo 130º.-Persoal laboral.

Será persoal laboral do Colexio o que con suxeición á normativa laboral e coa xornada e condicións que en cada caso se estipulen, se contrate, en réxime de dependencia, para atender as funcións habituais do Colexio e servizos dependentes del.

Artigo 131º.-Colaboradores.

Son colaboradores aqueles colexiados que, con carácter transitorio ou ocasional e sen suxeición a réxime de dependencia laboral, auxilian a Xunta de Goberno ou as súas comisións para o mellor desempeño das súas funcións.

Artigo 132º.-Secretario técnico.

1. Incúmbelle ao secretario técnico asegurar o bo funcionamento da oficina colexial, a dirección inmediata e coordinación do persoal laboral e colaborador así como a execución material dos acordos dos órganos colexiais.

2. O secretario técnico actuará con liberdade de decisión dentro dos criterios que lle sexan fixados pola Xunta de Goberno e, en particular, polo secretario dela, e respondendo da súa actuación perante a Xunta de Goberno.

TÍTULO VII

HONORES

Artigo 133º

1. Créase o título de decano honorario que será conferido pola Xunta Xeral por proposta da Xunta de Goberno.

O título terá carácter vitalicio, e quen o teña terá dereito, nos actos públicos, a usar toga cos símbolos que distinguen o decano, e a ocupar un lugar preferente a continuación deste.

2. Tamén se crea o título de colexiado de honor, que poderá ser concedido pola Xunta de Goberno a persoas que, tendo a condición de licenciado en dereito, teñan prestado relevantes servizos á avogacía ou a este Ilustre Colexio.

3. Por acordo da Xunta de Goberno poderáselles conceder a insignia de ouro e brillantes deste Ilustre Colexio a aqueles colexiados que cumpran 40 anos de exercicio profesional.

TÍTULO VIII

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 134º

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela poderase disolver e extinguir por acordo unánime dos seus integrantes, acordada en Xunta Xeral extraordinaria convocada para o efecto.

O acordo que o declare expresará o que corresponde en relación coa liquidación do seu patrimonio, a sucesión dos seus dereitos e obrigas, da súa personalidade e a extinción ou cesión das súas potestades e competencias administrativas.

Disposición adicional

-Normas de aplicación supletoria.

Para o non previsto neste estatuto será de aplicación o Estatuto xeral da avogacía española, o Estatuto do Consello da Avogacía Galega, as normas de desenvolvemento que os ditos consellos ditén, a Lei de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, que se aplicará a cantos dos órganos colexiais supoñan exercicio de potestades administrativas.

Disposición derradeira

Entrada en vigor.

Unha vez aprobados os estatutos, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Este proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 6 de maio de 2002 para sometelo á Xunta Xeral e remitilo, unha vez referendado por esta, ao Consello Xeral da Avogacía Española e á consellería competente en materia de colexios profesionais da Xunta de Galicia.

A Xunta Xeral extraordinaria efectuada no día de hoxe, tomou o acordo de aprobar este proxecto de estatutos.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2002.

O decano
Rubricado

O secretario
Rubricado

Resolución do 28 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública

galega (DOG número 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2007, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2007.

Santiago Antonio Roura Gómez
Secretario xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de maio, xuño, xullo e agosto

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Asociación Galega de Editores</i> .	10.000,00	8-5-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Moeche (A Coruña).	18.378,00	8-5-2007
Convenio de colaboración en materia de formación continuada de xuíces e maxistrados entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia para o ano 2007.	60.102,00	8-5-2007
Addenda ao Convenio do 3 de xuño de 1997. Programa de actividades que se realizarán durante 2007, orzamento e financiamento en desenvolvemento do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Centro de Estudos Xurídicos para formación de fiscais e de secretarios xudiciais destinados na Comunidade Autónoma de Galicia.	15.000,00	8-5-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia no Hospital de San Roque en Santiago de Compostela.	10.000,00	4-6-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Persoas Xordas.	5.009,29	4-6-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade da Coruña para a realización dunhas xornadas sobre a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.	9.000,00	5-6-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial, Deputación Provincial da Coruña e <i>Fundación Caixa Galicia</i> -Claudio San Martín sobre o Plan de actuación conxunto para a realización da Aula Iberoamericana do Consello Xeral do Poder Xudicial para o ano 2007.	6.000,00	14-6-2007
Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional da Moeda e Timbre-Real Casa da Moneda para a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica y otros servizos relativos á Administración electrónica.	219.108,00	18-6-2007
Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e a <i>Fundación Caixa Galicia</i> -Claudio San Martín relativo ao programa de formación continuada de xuíces e maxistrados Escola de Verán do Poder Xudicial.	75.000,00	19-6-2007
Convenio de colaboración subscrito entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural, de Traballo e a Fegamp para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais.	424.000,00	26-6-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia en materia de protección civil.	42.000,00	3-7-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a USC para a promoción da investigación xurídica e a difusión das súas conclusións.	7.000,00	5-6-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a USC para a realización dun curso de verán sobre a pegada do crime: métodos e técnicas de investigación criminal en España.	11.000,00	9-7-2007
Convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia e o Instituto Universitario de Medicina Legal.	125.000,00	8-5-2007
Convenio entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, o Centro de Estudos Xurídicos e a <i>Fundación Caixa Galicia</i> -Claudio San Martín relativo ao programa de formación continuada de fiscais Escola de verán do Ministerio Fiscal.	36.000,00	12-6-2007
Convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincia.	102.000,00	19-7-2007
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica.	180.000,00	20-7-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Escola de Práctica Xurídica Decano Iglesias Corral do Colexio de Avogados da Coruña para o funcionamento da dita escola.	15.000,00	27-7-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados de Lugo para o funcionamento da dita escola.	15.000,00	27-7-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Escola de Práctica Xurídica Pérez Ávila do Colexio de Avogados de Ourense para o funcionamento da dita escola.	15.000,00	27-7-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Escola de Práctica Xurídica <i>Teucro Iuris</i> do Colexio de Avogados de Pontevedra para o funcionamento da dita escola.	15.000,00	20-7-2007
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados, o Colexio de Procuradores e a Universidade de Santiago de Compostela para o funcionamento da dita escola.	15.000,00	20-7-2007